

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: IMAXE E PERCEPCIÓN CORPORAL
UNIDADE: **Coordinación viso-motriz**
TEMPORALIZACIÓN: **1-4º semana de outubro**
MATERIAL E INSTALACIÓNS: Pelotas, aros, ximnasio, patio de recreo.
ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Individual, parellas, equipos.

CICLO: **Segundo**

NIVEL: 3º-4º

OBJECTIVOS:

1. Mellora-la coordinación de accións e movementos.
2. Ser capaz de manexar obxectos con fiabilidade.
3. Actitude de respecto e responsabilidade cara ó propio corpo.

TÉCNICAS ENSINO: Descubrimento guiado.
Busca.

ANIMACIÓN:

- Os nenos en continuo movemento, ó sinal han de tocar algo da cor que o mestre diga.
- Manipulación de material. Cada neno cunha pelota desprazase polo espazo manexándoa libremente. Como suxestión poden lanzar e recibir sen bote, botar, rodar, lanzar e recibir con bote, etc...
- " ACHIQUE DE BALÓNS ": O grupo dividido en dous equipos, cada un na metade do campo. Repártense os balóns en igualdade de número para cada campo, e ó sinal lánzanse ó campo contrario, procurando que no propio campo, haxa en todo momento o menor número posible de balóns.

PARTE PRINCIPAL:

- **Tiro ó branco.** Por parellas, un en fronte doutro a uns seis metros de distancia. No centro colócase un cono ou maza e tratan de derrubalo alternativamente.
- **Tira-lo aro.** Por parellas, un en fronte doutro, han de lanzarse o aro rodando, perpendicular ou horizontalmente polo chan.
- **Canastra móbil.** Por parellas, un co aro sobre a cabeza desprazase lateralmente. O outro con pelota, trata de introducila no aro o maior número posible de veces. Admítense diferentes formas de leva-lo aro. Ó sinal cambio de rol.
- **Lanza-la pelota.** Por parellas, un lanza a pelota ó aire e o outro cóllea antes de que caia. Como variante admítense recollela despois dun bote, de dous, etc...
- Lanzar contra a colchoneta grande, por parellas, un lanza e o outro recolle despois dun bote. Como variante admítense lanzar contra o chan e que o outro recolla despois dun bote.
- **Percorrido con elementos.** Divididos en catro grupos, nas esquinas da cinta azul. Simultaneamente, un neno de cada grupo realiza o percorrido de ida é volta arredor do círculo central de diferentes formas: rodando un balón coa man, co pé. Lanzando ó aire e recollendo, botando a pelota, rodando ou lanzando un aro, etc...
- " O METE PELOTAS ". Grupos de sete. Cada grupo cunha caixa (ou canastra) dos balóns e sete pelotas, unha para cada membro do grupo. Hai que encestar e cada acerto vale un punto. ¿ Quen mete máis ? Admítense como variantes, partidas a vintecinco puntos, a tres minutos de duración, etc.

VOLTA Á CALMA:

VEN OU VAITE / KAO

OBSERVACIÓNS:

